



Verónica Martínez, onte na librería Trama cos seus compañeiros. PEPETEJERO

Verónica Martínez defende en Lugo un erotismo «anti ‘Sombras de Grey’»

► A autora presentou en Trama a súa última obra, xunto a Alberte Momán e Alberte Corral

MARTA VEIGA

A corresponsable de prensa es

LUGO. ‘Ode a Madison Ivy e outras cousas de meter’ é un poemario que acadou o accésit do premio Sisargas de poesía erótica en 2013 e que a súa autora, Verónica Martínez Delgado, presenta como un exercicio tan lúdico e recreativo como reivindicativo. Un erotismo que, coida, «é todo o oposto» ao que chega a través de propostas

como as ‘50 sombras de Grey’.

Martínez Delgado deu a coñecer este libro onte na librería Trama de Lugo e explica que se trata dun exercicio de empoderamento sexual feminino, de exploración das sexualidades «non normativas» e de crítica a «hipocrísia social» con respecto a asuntos como a pornografía ou a prostitución.

Todo, desde un punto de vista feminino, que adoita a ser silen-

ciado e que a autora lle ten valido «comentarios moi ofensivos» ao longo da súa carreira. «Afortunadamente», engade, algo está a mudar e entre os autores gañadores e finalistas do Sisargas, mandan xa as mulleres.

Martínez Delgado explica que o título fai referencia á actriz pornográfica Madison Ivy, ao tempo que recolle unha expresión escoitada a Celso Álvarez Caccamo —«outras cousas de meter»—, que a ela lle pareceu moi acaída para un poemario erótico.

Esta autora é unha reincidente do xénero erótico e este mesmo ano vén de gañar o Sisargas con outro traballo —‘A outra voz’, sobre «o maltrato xinecoloxico e a violencia obstétrica»—, esta vez escrito a catro mans xunto a Alberte Momán.

O compañeiro de escrita, Momán, tamén presentou onte na librería Trama de Lugo a súa obra ‘A seiva calcinada/ La savia calcinada/ La linfa calcinata’. A velada literaria completouna José Alberte Corral Iglesias, que deu a coñecer ‘Cumio de navalla’.